

## BOS AIRES DESDE A LEMBRANZA. ENTREVISTA CON INÉS CANOSA

MIGUEL LOUZAO E CARMEN MEJÍA

*Carmen Mejía*– **¿Como foi a túa chegada a Bos Aires? ¿Como transcorreu alí a túa vida?**

*Inés Canosa*– Eu cheguei a Bos Aires cos meus irmáns e coa miña nai na primavera do cincuenta. Acababa case de morrer Castelao... A chegada foi moi dura. Emigrar é durísimo, é un trauma que non se supera nunca. Tiña sete anos. Por sorte aquel país vivía unha situación política bastante populista e demasiado complexa, mais posibilidades había abondo, escolarización inmeditata... Mais deixar a túa terra e ter que comezar noutra allea é terríbel. As declaracións de noutronte do presidente da Conferencia Episcopal sobre os nenos de «ollos rasgados» parécenme incompresíbeis... En fin...ao chegar alá, escolarizámonos, como meus pais querían, por iso nos fomos...eles seguramente acabarían aquí os seus días máis felices pero alá fomos e comezamos de novo. Tamén unha cidade de tres millóns de habitantes motivaba moito, aínda que tiñas moita morriña. Eu ao regresar supereino, mais unha irmá miña nunca o superou.

*C.M.*– **¿Era fácil a integración en Bos Aires?**

*I.C.*– Creo que era fácil, aínda que os ollos dunha nena poden descubrir moitas cousas novas. Mais foi fácil, porque malia que viñamos dunha aldea á beira do mar de 60 ou 70 casas, Sardíñeiro, moi preto de Fisterra, había moitas posibilidades, daquela o país estíbese a facer e os emigrantes ían axudar a construílo. Moitos non fixeron a América, mais si que a emigración construíu a América. Vas medrando, vas estudiando, comezas a traballar...mais sempre con esa carga que non te dá desfeito dela.

*C.M.*– **¿Cómo vías Galicia desde alí?**

*I.C.*– As máis pequenas durante case dous anos íamos agardar o carteiro a uns dous centos metros

da casa, non dabamos agardado, e levabámosllas á nosa nai. Na casa tiñamos un sentimento moi profundo, falabamos galego...era todo bastante cálido. Por iso, eu falo do trauma da ausencia, de deixar as túas raíces. Outros emigrantes viviron o trauma, o complexo, de ser galegos, algo que nós nunca o tivemos na casa. Máis ben ao contrario, arroupábame sentirme galega, en calquera actividade que fixese.

*C.M.*– **¿Xa existía o centro galego de Bos aires?**

*I.C.*– Existía. Xa había moitos anos. Eu comecei a coñecer cousas de Galicia a través do magnífico programa, que creou e dirixiu durante moitos anos Luís Seoane: «Galicia Emigrante». Era maravilloso. Ao decatarnos de que o botaban estabamos pendentes cada semana. Ese programa na casa axudounos moitísimo: era botar a semana agardando ese bocado de Galicia que chegaba polas ondas. Falaban da historia, da cultura do idioma... Despois coñecín *De catro a catro* de Manuel Antonio e a *Relación de casas y linajes*. Os primeiros libros galegos que lembro. Eran edicións preciosas. Non lembro se eran edicións Emecé, que creara Seoane. Despois eu fun polo Centro Galego. Alí había un home encantador, Ares, que era o que vendía os libros, e tiña con setenta anos tanta morriña coma tiña eu que era unha nena. Alí alén do hospital xa había outras actividades. Celebrábase o 25 de xullo, Otero Pedrayo e outros deron conferencias...e funme integrando ata que un día me metín na Asociación Arxentina de Fillos de Galegos, que se fundara no ano 59. Cando vou ás reunións dos sábados, alí dábanse cursos de galego, que comezara Eduardo Blanco Amor. Despois continuounas dando Ricardo Palmás, unha persoa interesantísima que tamén era fillo de galegos, morto recentemente. Comezamos a colaborar nas actividades:

homenaxes a Castelao, recitais, etc. Había un grupo entre os que estaban Antonio Pérez Prado, que era un gran lírico galego cunha sensibilidade extraordinaria, que ten un libro moi bo sobre a emigración. Tamén estaba Clotilde Iglesias, a filla de Fernando Iglesias, alcumado Tacholas...un magnífico actor que se nacera noutro sitio chegaría moi lonxe. Alá tamén estivo Manuel Mera, que xa hai moitos anos que volveu a Galicia, que traballou moito no sindicalismo e que tamén ten un libro espléndido sobre a emigración porque é un home moi exhaustivo, cunha grande memoria. Ás veces iamós ver os enfermos ao hospital do Centro Galego e Ares, o bibliotecario, dicíanos que era moi importante que foramos nós, os mozos que estabamos estudiando, para que a xente perdera ese complexo de galego que tiña. Pasabamos día o alí, levámoslle agasallos...

*C.M.*— ¿Como era a cidade? ¿Que lembranza tes de Bos Aires?

*I.C.*— Para min era espléndida, sempre me impresionara moito. Non sei se hoxe me parecería tan bonita porque agora xa vin outras, mais aí si que non podo deslindar os efectos. Lembro perfectamente o desembarque, as torres, a do reloxo, a dos ingleses, os parques...esas avenidas tan amplas, todo tan ben trazado, etc. Malia ser unha cidade tan grande, hai unha rúa que ten cinco mil e pico de números, a rúa Rivadavia, é moi cómoda e o transporte público era marabilloso. Había as Lucenas, os autobuses. Aínda segue sendo así. Ten uns cafés estupendos na Avenida de Maio, —o Tortoni— onde paraban moitas persoas coñecidas. Eu a Eduardo Blanco-Amor non o coñecín alá, senón que foi aquí ao volver no ano 70-71, cando se inaugurou o Museo Carlos Maside. Uns coma Rafael Dieste, Ramón de Valenzuela e mais a súa muller María Victoria Villaverde xa volveran. Ían outros coma Luís Seone, Lorenzo Varela, Alberto Vilanova e outros.

*C.M.*— ¿Por que querías volver?

*I.C.*— Foi algo que sempre estivo aí. Pasoume algo extraordinario alá polo ano 1967-68 cando foi a argentina Xosé Luís Méndez Ferrín. Un día, despois dunha conferencia, convidámolo a tomar un café e estaba tamén Luís Seoane, que era unha figura importantísima das artes plásticas e da cultura.

Dicir o seu nome era reverenciarse, tiña moito prestixio. Eu díxenlle a Seoane que estaba aforrando, que tiña cen dólares. Ía moito frío e despedímonos ás tres da mañá. Aos poucos días Maruxa Seoane, a súa muller, chamoume por teléfono para me dicir que fora á súa casa. Cheguei alí e díxéronme que tiñan mil cen dólares para volver a Galicia. Eles déronme a oportunidade de volver. Xa te podes imaxinar...vin por dous meses.

Antes de vir, eu coñecera a Díaz Pardo que fora co seu fillo Camilo Díaz, que fundara a fábrica de porcelana de Magdalena. Despois mandoume unhas fotografías de Sardiñeiro, a onde fora de excursión con Seoane e coas respectivas mulleres. Ao saber que podía ir pedín licencia no traballo e veño...

*C.M.*— ¿Qué facías alá?

*I.C.*— Traballaba nunha oficina central duns grandes almacéns. Levaba contabilidade, xa que eu fixera Perito mercantil. Despois fixen aquí ata cuarto de dereito pero non o acabei. Pedín a licencia e tal coma lla pedía déronma, porque me ía ir igual. Aquí encontrei o meu sitio. A familia de Díaz Pardo foi marabillosa comigo, a muller del, Carmen Arias, é unha muller xenerosa e moi creativa. Estaban tamén Luís Seone e a súa esposa. Marchei, mais aos dous anos volví coa idea de quedar. Eles déronme a opción: traballei no museo Maside, despois fun a Barcelona coa librería Sargadelos e agora estou nesta. E sempre coa axuda deles porque a través deles coñecín as mellores xentes de Galicia. Realmente esa xeración era extraordinaria, eu sinto reverencia por esta xente. Tiveron unha xenerosidade. Tiveron que exiliarse, con moitos máis problemas ca min, o caso de Seoane...e dedicaron a súa vida a Galicia: a publicar libros, facer edicións, revistas, xornais, levaron xente para expor... ¡Ese traballo feito en América é extraordinario! Por sorte, hoxe, si se está recollendo todo iso. Para min a mellor novela segue sendo *A esmorga*, se estivera aquí Blanco Amor non escribiría a mesma novela. Tamén se escribiu alá *Memorias dun neno labrego*; e Castelao acabou *Sempre en Galiza* e *As Cruces de Pedra na Galiza*. Montes de libros que aquí era moi difícil publicar, ata que Galaxia comeza a facer ese traballo. Todo por amor á súa cultura, á súa terra, á súa lingua... ¡A min iso paréceme que, por moito que se lembre o que esta xente fixo alá, nunca será suficiente!

**C.M.**– Ao decidir volver ¿que pensa a túa familia?

**I.C.**– Eu tiña billete de ida e volta que conservei durante catro anos. Eu creo que miña nai sabía que intetaría ficar. Aquí en Madrid coñecín, a través de Luís Seoane, ao pintor Raimundo Patiño, un pintor e ser extraordinario, co que tiven unha fermosa amizade desde o primeiro día. El insistía moito en que quedara. Despois comecei a traballar no Museo Maside e déronme a posibilidade de integrarme nesta empresa, que ten un significado importantísimo para Galicia.

**C.M.**–¿A túa relación con Díaz Pardo é case paternal, filial, non?

**I.C.**– Si, porque el dá á toda á xente que traballa con el un trato moi cordial. Como dixó un compañeiro nun catálogo dunha exposición antolóxica que se fixo sobre a súa obra, somos *díazpardianos*. E eu creo que é moi xusto. Ao lado del aprendes día a día: a capacidade de traballo, a claridade mental...é unha figura fóra de serie. Mais, son tantos fóra de serie. Rafael Dieste, é un escritor extraordinario. A súa obra *Historias e invenciones de Félix Muriel* é singular. Merecía ser moito máis coñecido do que é, incluso, na literatura española.

**C.M.**– ¿Volviches despois a Bos Aires?

**I.C.**– Si. Cando vivía miña nai ía bastante a miúdo. Agora levo case cinco anos sen ir, a ver se vou este ano ver os meus irmáns.

**C.M.**– ¿Es a única da familia que retornou?

**I.C.**– Si, a única. Os meus irmáns todos están alá.

**C.M.**– ¿Eles aínda teñen morriña?

**I.C.**– Si.

**C.M.**– ¿Ti cres que a morriña é unha cousa que está dentro do emigrado, do exiliado, como dicía Fermín Bouza?

**I.C.**– Eu coído que si. Ademais el explicao moi ben. Vai contigo e permanece dentro.

**C.M.**– ¿Gustaríache volver a vivir en Bos Aires?

**I.C.**– Non. Ao comezo, os catro ou cinco primeiros anos tes dúbidas, eu estaba ben aquí mais tiña a toda a familia alí e, claro, bótalos de menos. Despois aprendes a convivir con ese novo problema. Aínda que non viva en Galicia, estiven moi contenta en Barcelona e tamén o estou en Madrid. Eu estou vivindo en Galicia...

**C.M.**– Sargadelos é Galicia...

**I.C.**– Si. A Arxentina deixou de ser o meu país hai moito. Deume moitas posibilidades e iso hai que llo recoñecer. É un país extraordinario e esperamos que se recupere de todo isto que está a vivir.

**C.M.**– ¿Os teus pais non pensaron en volver?

**I.C.**– Si, si que o pensaron mais non puideron. Eu estaba intentando que fixeran unha viaxe, mais ao morrer meu pai xa non puido ser. Despois trouxen a miña nai e dáballe pena deixar a súa casa, Arxentina, a miña irmá coa que vivía.

**C.M.**– ¿Conservas amizades de alá?

**I.C.**– Conservo. Algúns volveron, outros están tentándoo agora, coma Ernesto Costas que era un bo amigo da Asociación. Sempre que fun vino e tamén a outra xente, toda esa xeración da Asociación. O que acontece é que queres ver a máis xente, mais é unha cidade tan grande, queres estar coa familia... Entón vén a renuncia, mais si, si go a ter contacto.

**C.M.**– Fálanos agora desta Galicia en Madrid.

**I.C.**– Esta Galicia en Madrid está feita por todos vós, os que pasades por esta librería. A fidelidade da xente que vén por aquí. Creo que é o máis importante, aínda que por limitacións de espacio non poidamos facer máis cousas, mais actividades...mais creo que é o labor fundamental: promover a cultura diferenciada que temos e de aí non nos imos apear. Creo que iso é unha riqueza, por iso é un labor cultural, alén do produto industrial, que me parece realmente espléndido. Creo que é un dos grandes méritos de Luís Seoane...Eu creo que tamén foi Díaz Pardo, aínda que el diga que foi só Seoane...

**C.M.– ¿Eles eran moi amigos?**

*I.C.–* Tiveron unha relación extraordinaria. Foi alá onde lles xurdiu esa idea de recuperar a tradición industrial de Sargadelos. Entón, montan o Laboratorio de Formas de Galicia, coa colaboración de Cerámicas do Castro que xa existía, volven ao norte de Lugo e recuperan Sargadelos. Mais, eu creo que o importante que fixeron foi recuperar unha tradición e crear un produto do século XXI. Non seguiron repetindo modelos. En Sargadelos trabállase moi ben. A fábrica está construída para que o traballo sexa o menos alienante posible, foi esta a súa intención. Iso tivérono moi en conta na realización das pezas, porque malia ser un produto industrial non están todo o día a facer o mesmo traballo. Cada persoa fai toda a peza, todos os procesos. Entón eles son os responsables da totalidade do produto, aínda que a decoración si a fan as mesmas persoas.

**C.M.– ¿Vén moito Isaac Díaz Pardo por aquí?**

*I.C.–* Vén pouco, porque traballa moito, está metido en moitas cousas. Ultimamente vén esporadicamente e réunese con xente de aquí, de Sevilla, de Barcelona, etc. por un proxecto que ten de

crear unha Biblioteca do Exilio. Un proxecto extraordinario. Xa sacaron máis dunha ducia de libros, entre Renacimiento de Sevilla e Edicións do Castro, de diversos escritores que estiveron no exilio.

**C.M.– ¿Que aínda están no exilio?**

*I.C.–* Hainos que están e outros moitos que xa non. Chavas de Valencia, Lorenzo Varela do que tiraron toda a súa obra en dous tomos, nunha colección fermosa, moi coidada. Isaac acostuma vir cada tres meses por estas tarefas.

**C.M.– ¿É Sargadelos un punto de encontro de artistas galegos?**

*I.C.–* Si, vén moita xente. Tanto escritores, poetas, coma pintores. Alén disto na cidade hai instalados bastantes artistas galegos. Desde Helena Colmeiro, de quen Seoane, xa sendo moi nova, dixo que ía ser unha grande ceramista. Estivera con Colmeiro en Bos Aires e, agora, está aquí a facer un traballo importantísimo. Hai moitos poetas...como ti xa sabes. Luís Tobío, outra figura extraordinaria, ou Borobó que, aínda, segue a vir pola galería moi a miúdo.